4. A bonificación establecida no artigo 5º.1 deberá ser solicitada polo interesado quen aportará unha declaración responsable de que a vivenda ou local non dispón de subministro de enerxía eléctrica nin de autoxeración nin de empresa provedora, nin auga potable, sexa esta servida polo concello, empresa privada, de carácter veciñal ou de autoabastecemento (pozos e similares). De rematar a situación de inhabitable, deberá comunicarllo ao concello da Pobra do Brollón

Artigo 9º.- Infraccións e sancións.

1. En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a elas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 179, 180, 181, 182, 183, 184, 185, 186 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

2. Se realizada unha inspección se comproba a falsidade da declaración responsable feita ao abeiro do artigo 8º.4 ou se comproba que existe abastecemento de auga potable ou electricidade, procederá a facturación íntegra do período no que se beneficiou da bonificación cun máximo de catro anos de acordo coas tarifas íntegras vixentes, e se sancionará ao interesado cun recargo do 50% do importe da liquidación.

Disposición final:

A presente Ordenanza Fiscal, foi modificada e aprobada polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día dez de outubro de dous mil vinte e catro, e entrará en vigor o mesmo día da publicación do seu texto no B.O.P., permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa. A aplicación da ordenanza comezará o día un de xaneiro de dos mil vinte e cinco.

2.07ª.- Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo subministro de auga.

Artigo 1º.-Concepto.

Ao abeiro do establecido nos artigos 15 e seguintes do Texto Refundido da Lei 39/1988, Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, este Concello establece a Taxa por subministro de auga que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó previsto no artigo 57 do citado texto refundido.

Artigo 2º.- Obrigados ó pagamento.

Están obrigados ó pagamento do taxa, regulado nesta Ordenanza, aquelas persoas que se beneficien dos servizos ou actividades prestados ou realizados por este Concello, a que se refire o artigo anterior.

Artigo 3º.-Contía.

1. Aos efectos desta ordenanza, enténdese por acometida a primeira alta no servizo para cada vivenda ou local e o seu entronque na rede de abastecemento. A canalización necesaria que exceda dos vinte metros será por conta do solicitante. Este poderá optar por facer a parte da acometida ao seu cargo directamente, ou que a faga o concello aboando o custo correspondente. Enténdese por enganche, cada unha das sucesivas altas que no seu caso se produzan ó longo da vida do servizo.
2. Con efectos de un de xaneiro de cada ano a partir de 2013, inclusive, as contías indicadas experimentarán un incremento porcentual igual ao incremento do I.P.C. entre o día un de xaneiro e o trinta e un de decembro do ano anterior.
3. A contía do taxa regulado nesta Ordenanza será a fixada na tarifa seguinte:

CONCEPTO	IMPORTE
1. Mínimo mensual de mantemento	5,00 €
2. Tarifa por consumo para tódolos usos ata 10,00m ³ .	5,00 €
3. Tarifa por consumo para tódolos usos entre 10,00m ³ e 20,00m ³ por m ³ .	0,70 €
4. Tarifa por consumo para tódolos usos máis de 20,00m ³ por m ³	1,20 €
5. Dereitos de acometida a Pobra de Brollón, usos domésticos. Valor de 2024.	35,07 €
6. Dereitos de acometida na Pobra de Brollón, demais usos. Valor de 2024.	46,75 €
7. Dereitos de acometida no resto do Concello, tódolos usos. Valor de 2024.	584,25 €
8. Dereitos de acometida por cada metro que exceda dos 20 en todo o concello. Valor de 2024	12,36 €
9. Dereitos de enganche en todo o Concello, tódolos usos. Valor de 2024.	93,74 €

4. En caso de avaría no contador, facturarase, durante todo o período afectado, dende a última lectura anterior ata a solución da avaría, unha cantidade proporcional o consumo medio do ano natural anterior incrementado nun vinte por cento.

5. Quen utilice a auga dos abastecementos municipais para usos distintos dos previstos no artigo 1º, ou especialmente a utilice para regar nos meses de Xullo a Setembro, será sancionado cunha multa de 90,15€ a primeira vez, 180,30€ a segunda e 450,76€ a terceira, e o corte do subministro na cuarta.

Artigo 4º.- Obriga de pagamento.

1. A obriga de pagamento da taxa regulada nesta Ordenanza, nace dende que se inicie a prestación do servizo, e a súa facturación e cobro realizaranse con periodicidade semestral.
2. O pagamento do devandito taxa efectuarase no momento da presentación da correspondente factura, á persoa obrigada a realizalo.
3. As débedas por este taxa, poderán esixirse por vía de constrinximento, de acordo co Regulamento Xeral de Recadación.

Disposición final:

A presente Ordenanza Fiscal, foi modificada e aprobada polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día dez de outubro de dous mil vinte e catro, e entrará en vigor o mesmo día da publicación do seu texto no B.O.P., permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa. A aplicación da ordenanza comezará o día un de xaneiro de dos mil vinte e cinco.

2.14ª.- Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo punto limpo do concello da Pobra do Brollón.**Artigo 1º.- Fundamento e natureza.**

No exercicio da potestade tributaria outorgada, con carácter xeral, polos artigos 133.2, 142 da Constitución Española, e 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e a que, en particular, concede respecto das taxas o artigo 57 do Texto Refundido da Lei 39/1988, Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, este Concello establece a taxa pola prestación do servizo de

Punto Limpo, baseándose en que se trata da prestación dun servizo público e/ou a realización dunha actividade administrativa en réxime de dereito público de competencia local que se refire, afecta ou beneficia de xeito particular ó suxeito pasivo e non é prestado polo sector privado.

Artigo 2º.- Feito imponible.

Constitúe o feito imponible a prestación do servizo de Punto Limpo de acordo coa ordenanza que o regula que inclúe os servizos de recollida, depósito, tratamento e eliminación dos residuos citados na ordenanza.

Naqueles supostos nos que se considere conveniente, poderán celebrarse convenios, tanto con outras administracións públicas como con empresas privadas, que por razón da súa magnitude, capacidade técnica e económica ou situación física do termo municipal resulten beneficiosos para a prestación do servizo.

Artigo 3º.- Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Tributaria, que soliciten, resulten beneficiadas ou afectadas polo servizo que forma parte do feito imponible desta Ordenanza.

Artigo 4º.- Cota tributaria.

1.- A cota tributaria polo servizo de depósito tratamento e eliminación dos residuos será a seguinte:

1.1.- Veciños da Pobra do Brollón suxeitos á taxa por prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo, 1,00 € ó mes.

1.2.- Para o resto dos usuarios do concello ou doutros concellos a taxa se calculará de acordo coa seguinte tarifa:

RESIDUO	TAXA
Aceites	1,21€/Kg
Aerosois	12,10€/ entrega
Baterías	2,42€/ unidade
Madeiras	3,63€/unidade
Metais	6,05€/entrega
Papel e cartón	1,21€/entrega
Pilas	2,42€/entrega
Pinturas, disolventes, vernices,...	1,21€/Kg
Plásticos	1,21€/entrega
Radiografías	0,40€/unidade
Electrodomésticos con CFCs	12,10€/unidade
Restos electrodomésticos ata 0,125 m ³ incluídos	3,63€/unidade
Restos electrodomésticos a partir de 0,125 m ³ .	6,05€/unidade
Fluorescentes	1,21€/unidade
Colchóns, sofás	3,63€/unidade
Terras e escombros	6,05€/20 kg
Téxtiles	1,21€/entrega
Vidro	1,21€/entrega

2. As taxas desta ordenanza se incrementarán para cada ano no importe do incremento do I.P.C. correspondente ao período entre o un de xaneiro e o trinta e un de decembro do exercicio anterior.

Artigo 5º.- Devengo.

O devengo prodúcese cando se presenta a solicitude que inicie a actuación ou cando se inicie a prestación do servizo ou a realización da actividade.

Artigo 6º.- Réxime de declaración e ingreso.

A taxa prevista no punto 1.1 do artigo 4, se liquidará xunto coa do servizo de recollida e tratamento de lixo e se cobrará no mesmo recibo nos períodos que para aquela se establezan.

O ingreso das taxas previstas no punto 1.2 realizarase no momento da utilización do servizo, mediante declaración-liquidación.

Disposición final:

A presente Ordenanza Fiscal, foi modificada e aprobada polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día dez de outubro de dous mil vinte e catro, e entrará en vigor o mesmo día da publicación do seu texto no B.O.P., permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa. A aplicación da ordenanza comezará o día un de xaneiro de dos mil vinte e cinco.

A Pobra do Brollón, 2 de decembro de 2024.- O alcalde, José Luis Maceda Vilariño.

R. 3878

RIBADEO*Anuncio***APROBACIÓN DEFINITIVA**

APROBACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER NON TRIBUTARIO (TARIFAS) DOS SERVIZOS MUNICIPAIS DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional do Concello de Ribadeo do día 25/06/2024 de modificación das APROBACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER NON TRIBUTARIO (TARIFAS) DOS SERVIZOS MUNICIPAIS DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN

O texto íntegro da devandita ORDENANZA faise público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Artigo 1º. Concepto e fundamento legal.

Segundo o disposto nos artigos 142 e 31.3 da Constitución así como no artigo 105.2 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, artigos 2 e 20.6 do Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Ribadeo regula a prestación patrimonial de carácter público non tributario polos servizos de auga potable, incluído-los dereitos de enganche de liñas, e servizos de rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais.

Artigo 2º. Servizos obxecto da presente prestación patrimonial de carácter público non tributario.

Os servizos comprendidos na presente Ordenanza e sobre os que se aplican as correspondentes prestacións patrimoniais de carácter público non tributario son todas as actuacións e solicitudes, técnicas ou administrativas sexan necesarias para a prestación dos devanditos servizos relacionadas coa distribución de auga, servizos de sumidoiros, tratamento e deputación de augas residuais, que se detallan nas tarifas establecidas nos artigo 5, e en particular os que de seguido se enumeran:

1. Solicitude de alta no subministro de auga potable con independencia do consumo que poida realizarse ou pola utilización do mesmo, aínda cando non se formalizara tal alta en forma regulamentaria; todo isto sen prexuízo das responsabilidades a que houbera lugar.
2. A prestación dos servizos de evacuación de excretas, augas negras, residuais, e pluviais a través da rede de sumidoiros municipal, e o seu tratamento para depuralas.
3. A actividade municipal, técnica ou administrativa, tendente a verificar se se dan as condicións necesarias para autoriza-la acometida á rede municipal de auga e de sumidoiros.
4. Presúmese que existe utilización do servizo sempre que exista conexión ó entronque na rede municipal de auga, carecendo de contador ou que este se atope avariado, formalizárase ou non o correspondente contrato de subministro. Para a aplicación desta presunción estarase a canto dispón o artigo 67 do Regulamento do Servizo.

5. Os servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, terán carácter obrigatorio para tódalas fincas do termo municipal que teñan fachadas a rúas, prazas, ou vías públicas nas que exista sumidoiro, sempre que a distancia entre a **rede e a finca non exceda de cen metros**, e percibirase a tarifa, aínda que os interesados non procedan a efectuar a acometida á rede.
6. Conforme ó artigo 37.3 do Regulamento do Servicio Municipal de Abastecemento de Auga “non se poderá verter á rede de saneamento as augas non residuais que se recollan nos baixos e sotos dos edificios procedentes de mananciais ou fliación de terreos. No caso de que fose autorizado dito verquido por non terse outra posibilidade, o responsable do mesmo virá obrigado a aboar unha cantidade mensual calculada de acordo cos gastos ocasionados en bombeo e depuración polo caudal verquido”.
7. Non estarán suxeitas á ordenanza as fincas derruídas, declaradas ruinosas ou que teñan a condición de solar ou terreo.
8. En xeral, calquera outro servizo que sexa obxecto da presente Ordenanza e, sendo competencia da entidade local, teña carácter obrigatorio en virtude da disposición legal ou regulamentaria.

Artigo 3º. Suxeito obrigados ao pago

No suposto dos servizos de auga potable, son suxeitos obrigados ao pago das tarifas reguladas nesta Ordenanza, a persoa física ou xurídica que utilice ou se beneficie dos servizos prestados, xa sexa a título de propietario ou de usufrutuario, habitacionista, arrendatario ou incluso, de precario.

Nos supostos do servizo de sumidoiros, tratamento e depuración de augas residuais, son suxeitos obrigados ao pago, as persoas físicas e xurídicas, así como as indicadas no parágrafo anterior, que sexan:

1. Cando se trate da concesión de licencia de acometida á rede, o propietario, usufrutuario ou titular do dominio útil da finca.
2. No caso de prestación de servizos do número 2 do artigo anterior, os ocupantes ou usuarios das fincas do termo municipal beneficiarias de ditos servizos, calquera que sexa o seu título: propietarios, usufrutuarios, habitacionistas ou arrendatarios, incluso en precario.

En todo caso, terán a condición de obrigados ao pago das prestacións patrimoniais de carácter non tributario das vivendas ou locais o propietario deses inmobles, quen poderán repercutir, no seu caso, as tarifas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servizo.

Artigo 4º. Exencións, bonificacións e beneficios.

Non se concederá exención nin bonificación algunha na exacción das referidas prestacións patrimoniais

Nas obras que se realicen por conta do Concello, o contratista quedará obrigado ó pagamento da auga que consuma, de acordo ós preceptos da tarifa.

Artigo 5º. Imposte das prestacións. Tarifas.

5.1 Subministro de auga potable

1. A ordenanza esixirase de acordo ás tarifas que a continuación se especifican:

A) Por entronque na rede municipal de augas:

- a) Con carácter xeral pola concesión de licencia de entronque na rede municipal de augas 37,93 euros.
- b) Ademais por cada vivenda ou local independente de que dispoña o edificio aboarase 18,98 euros. As indicadas tarifas non inclúen os gastos de execución de toma, que serán por conta do solicitante.

B) Por subministro:

- a. Establécense os seguintes mínimos de consumo, expresados en número de m3. ó bimestre, cotas mínimas de consumo, expresadas en euros ó bimestre, e prezo de m3. de exceso sobre os mínimos de consumo:

Tipo de uso	Mínimo de consumo (m3 ó bimestre)	Cota mínima (€ ó bimestre)	Exceso de consumo (€ por m3)
1. Usos particulares e domésticos	20 m3 ao bimestre	13,869836	0,695459
2. Usos industriais e comerciais			
a) Establecementos dedicados a: cafés, bares, tabernas, bodegóns, casas de comidas, restaurantes e similares	30 m3. ao bimestre	25,657921	0,857759
b) Establecementos dedicados a bazares, mercerías e similares	12 m3. ao bimestre	10,265387	0,857759

c) Obras de construción ou reparación de edificios	100 m3. ao bimestre	250,556291	2,502513
d) Obras de construción ou reparación de vivendas unifamiliares	50 m3. ao bimestre	39,565917	0,839703

b) Non obstante o anterior, cando se trate de establecementos industriais que teñan un consumo superior ós 3.000 m3. mensuais, o exceso de consumo sobre os mínimos será de **0,857759** euros/m3.

c) Excepcionalmente, e previa autorización expresa deste Concello, os usuarios que consuman do abastecemento de augas a Noceda para usos industriais e agrícola-gandeiros, para conexións que se realicen antes dos depósitos e cloración das augas fíxase unha tarifa de **0,672382** euros/m3 para o mínimo, e **0,695459** para os excesos.

d) Usuarios do termo municipal de Trabada: Ós veciños do termo municipal de Trabada usuarios do Servicio Municipal de Augas de Ribadeo acollidos previo acordo plenario aplicaráselles o mesmo réxime de tarifas anteriormente fixado.

2. Establécense uns mínimos para os casos que soamente teñan saneamento de 25 m3 para as vivendas domésticas de 22 m3 para o uso industrial e 112 m3 para cafés, bares, tabernas, bodegóns, casas de comidas, restaurantes e similares.

3. Establecese unha fianza polo importe total de 2 recibos do consumo mínimo, incluíndo todos os conceptos facturados por auga, saneamento, depuración e lixos, á recuperar polo aboado no momento da baixa. Nos casos que produzan baixa de oficio por falta de pagamento, esta cantidade aplicarase para minorar os custes ocasionados na reclamación da débeda.

5.2 Sumidoiros, tratamento e depuración de augas residuais

1. 1.No suposto dos servizos de sumidoiros, tratamento e deputación de augas residuais estará constituída por unha tarifa conforme ó número de locais ou vivendas que desauguen conxuntamente a través da acometida para a que se solicita autorización, e polos metros cúbicos de auga consumida no caso de prestación do servizo de evacuación e tratamento.

2. A tarifa correspondente á concesión da licencia ou autorización de acometida á rede de sumidoiros esixirase por unha sola vez e consistirá:

a) na cantidade fixa de 19,00 euros.

b) e, ademais, por cada vivenda ou local de que dispoña o edificio aboará outros 19,00 euros.

3. A tarifa pola prestación do servizo de evacuación e tratamento será o resultado de aplicar ó importe liquidado pola cota por prestación do servizo de abastecemento domiciliario de auga por mínimo de consumo e exceso sobre o mínimo, o tipo de gravame do 20 por 100.

4. Ós efectos de cuanto dispón o número tres anterior, en ningún caso poderá tomarse un consumo de auga que sexa inferior ó mínimo facturable polo seu subministro. A cota resultante da consideración deste consumo terá o carácter de mínima esixible.

5. A tarifa do vertido ou filtración do terreo ou manantiais:

Unha vez concedida a licencia ou a autorización de acometida á rede de sumidoiros, ou causada alta de oficio, esixirase conforme ao cadro seguinte:

A tarifa por vertido de filtracións do terreo establécense en base aos m2 da planta do soto, tanto para obra coma para a edificación finalizada, conforme á cota seguinte:

	€/bimestre
A) Edificacións con soto ata 900 m2	27.81
B) Edificacións con soto entre 900 e 2.000 m2	55.63
C) Edificacións con soto de máis de 2.000 m2	83.45

6. Establecese unha fianza polo importe total de 2 recibos do consumo mínimo, incluíndo todos os conceptos facturados por auga, saneamento, depuración e lixos, á recuperar polo aboado no momento da baixa. Nos casos que produzan baixa de oficio por falta de pagamento, esta cantidade aplicarase para minorar os custes serrados na reclamación da débeda”.

Artigo 6º. Cobro da prestación patrimonial de carácter non tributario.

Nace a obriga de pagamento, como norma xeral, no momento de solicitar a prestación do servizo ou cando se utilice este.

Artigo 7º. Normas de xestión.

1. A débeda derivada desta ordenanza liquidarase por Padrón formado pola totalidade das pólizas subscritas en vigor durante o período de liquidación. A inclusión en Padrón realizarase de oficio, xa sexa como consecuencia da obriga formal de alta ou da actividade inspectora municipal.
2. O período de liquidación será bimestral, tendo as tarifas que se perciban durante o mesmo, carácter irredutible.
3. A recadación realizarase mediante recibo no que se poderá facer constar conxuntamente con as cotas a aboar polo mesmo usuario pola prestación deste servizo e os de recollida domiciliaria de lixo, depuración e os sumidoiros, no seu caso.
4. A forma de pagamento será en efectivo ou mediante domiciliación en entidade bancaria, e o prazo de pagamento en voluntaria será o aprobado ó tempo de aprobación do padrón, cunha duración mínima de dous meses.
5. A falta de pagamento en período voluntario orixinará automaticamente o inicio do período executivo, sen prexuízo da presunción de baixa contida no artigo 8º.3 desta Ordenanza. A recadación en vía de apremio se regulara nun convenio singular entre a empresa adxudicataria e o Concello de Ribadeo.
6. En todo o non previsto nesta Ordenanza será de aplicación o Regulamento do Servizo publicado no B.O.P. número 29 de 5 de febreiro de 1998, corrección de erros no BOP número 61 de 16 de marzo de 1998.
7. No suposto das tarifas do 5.2 Sumidoiros, tratamento e depuración de augas residuais:
 - a) A débeda derivada de acometidas á rede de sumidoiros esixirase en réxime de autoliquidación polo que ó tempo da súa solicitude deberá acreditarse ter realizado o pagamento do mesmo.
 - b) A débeda derivada da evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais liquidarase e recadarase por padrón, nos mesmos períodos e prazos que a tarifa por subministro domiciliario de auga, en un único recibo xunto con ésta e a da taxa por prestación do servizo de recollida de lixo.
 - c) A inclusión no Padrón realizarase de oficio, unha vez concedida a licenza de acometida á rede.

Artigo 8º. Obrigas formais.

1. Constitúese como obriga formal dos suxeitos obrigados ao pago, a presentación no Rexistro Xeral do Concello das solicitudes de alta e baixa no censo de suxeitos obrigados ao pago, no prazo que media entre a data en que se produza a variación na titularidade da finca e o último día do mes natural seguinte. Estas últimas declaracións surtirán efecto a partir da primeira liquidación que se practique unha vez rematado o prazo de presentación de ditas declaracións de alta e baixa.
2. Non se admitirán baixas temporais no servizo ós aboados, polo que, aínda no caso de ausencia, se liquidará a cota mínima que se estableza, a non ser que o aboadado cause baixa definitiva, neste caso procederase ó corte do servizo, debendo solicitar se desexa de novo o servizo, a alta nova no mesmo.
3. De acordo co establecido nos artigos 15 e 60 do Regulamento do Servizo, a falta de pagamento de dous recibos consecutivos presúmese como renuncia ó contrato de subministración, iniciándose neste momento expediente para o seu corte, sen prexuízo da tramitación executiva da débeda impagada.

Artigo 9º. Infraccións e defraudacións.

Naqueles casos en que se detecte situacións fraudulentas, procederase a liquidar ao infractor o dobre da cantidade que resulte de aplicar as tarifas vixentes a un volume de auga calculada en función do consumo equivalente á capacidade nominal do contador que regulamentariamente houbera correspondido ás instalacións utilizadas para a acción fraudulenta, cun tempo de tres horas diarias de utilización ininterrompida e durante un prazo que media entre a adquisición da titularidade ou dereitos de uso das instalacións citadas e o momento que fose emendado a fraude detectada, sen que poida estenderse, en total, a máis dun ano.

Igualmente, naqueles supostos nos que se comprobe que o abonado manipulou o contador de auga facturarse ao infractor un consumo estimado cuxo valor se obterá aplicando o caudal nominal do contador manipulado durante un tempo de tres horas diarias de utilización ininterrompida e durante un prazo de noventa días.

Disposición derradeira. Entrada en vigor e comezo de aplicación da Ordenanza.

A presente Ordenanza publicarase no BOP e entrará en vigor ó día seguinte ó da súa publicación e a súa aplicación quedará en suspenso ata a formalización do contrato de concesión da xestión integral do ciclo da auga do Concello de Ribado. Durante o período de tempo que transcorra ata esta formalización estarán vixentes as ordenanzas fiscais correspondentes, que quedaran derogadas o mesmo día da entrada en vigor da presente ordenanza.

Ribadeo, 2 de decembro de 2024.- Alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 3879

VIVEIRO

Anuncio

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D^a. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 16 de decembro de 2022 Núm. 286, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas pola Alcaldía, en Viveiro o día 12 de decembro de 2022, polas que se inicia o proceso selectivo para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 - Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6^a e 8^a da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do mércores, 21 de decembro de 2022, DOG Núm. 241, publícase o anuncio do extracto das convocatorias, bases xerais e bases específicas que regulan os procesos selectivos para o ingreso nas prazas de persoal funcionario de carreira e laboral fixos incluídas na oferta de emprego público do ano 2022, en virtude da taxa adicional de estabilización da convocatoria excepcional prevista nas disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 30 de decembro de 2022 Núm. 298, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6^a e 8^a da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do martes, 03 de xaneiro de 2023, DOG Núm. 2, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6^a e 8^a da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Boletín Oficial do Estado do martes, 24 de xaneiro de 2023, Núm. 20, publícase convocatoria para prover varias prazas, establecendo o prazo de presentación de solicitudes que será de 20 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopan dúas prazas de **“OFICIAL/A PRIMEIRO DE PARQUES E XARDINS”**.

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 - Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6^a e 8^a da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, en relación co proceso selectivo para a cobertura de tres prazas de **dúas prazas de “OFICIAL/A PRIMEIRO DE PARQUES E XARDINS”**. persoal laboral fixo.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do martes, 29 de outubro de 2024 Núm. 250, publícase a Resolución de Alcaldía aceptando a proposta do tribunal , que di:“(…) **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Excluir do proceso selectivo ao aspirante **D. FRANCISCO JOSE REY GARCÍA** ao constatare nesta fase do procedemento que carece dos requisitos esixidos para o seu nomeamento.

SEGUNDO.- Aceptar a proposta do Tribunal, declarando a relación definitiva de aprobados en base a Acta das reunións do 28 de novembro de 2023 e do 11 de xullo de 2024, segundo o disposto nos puntos primeiro, terceiro e cuarto da presente resolución, coa salvidade da exclusión do aspirante proposto.

TERCEIRO.- Declarar como **aspirantes seleccionados** a Dna. Jesusa Antonia Rivas Taboada e Dna. María Del Mar Taladrid Aguiar, para ocupar en propiedade dúas prazas vacantes **“OFICIAL/A PRIMEIRO DE PARQUES E XARDINS”** na Escala Administración Especial, Subescala de Servizos Especiais, como persoal laboral fixo, toda vez que segundo a proposta do Tribunal é a seguinte aspirante con maior puntuación...”

Vista a base xeral 16 e 17, que sinala “(...)16. **RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO SELECTIVO.**

16.1 Órgano competente.

A Alcaldesa-Presidenta do Concello de Viveiro, mediante Resolución de Alcaldía para resolver definitivamente o procedemento selectivo a favor das persoas seleccionadas, en virtude da proposta do Tribunal, e así mesmo, acreditaran os requisitos esixidos na convocatoria presentando a documentación referida no punto 15.1 das bases xerais, procederase a realizar, no prazo dun mes dende a expiración do prazo dos vinte días hábiles, o nomeamento como persoal funcionario de carreira na escala, subescala, clase e categoría que corresponda ou a contratación como persoal laboral fixo.

16.2. Publicación.

A Resolución de Alcaldía de nomeamento como persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo das persoas seleccionadas, deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, así como no taboleiro de edictos dixital do Concello, taboleiro de edictos e páxina web.

16.3. Remate do proceso selectivo.

A resolución destes procesos selectivos finalizarán antes do 31 de decembro de 2024.

17. TOMA DE POSESIÓN/CONTRATACIÓN.

17.1. Prazo.

A toma de posesión ou formalización do contrato das persoas incluídas na Resolución de Alcaldía de nomeamento para cubrir as prazas convocadas, efectuarese no prazo de tres (3) días hábiles dende a publicación no BOP de dita Resolución, se non implica cambio de residencia, ou un (1) mes se comporta cambio de residencia.

17.2. Falta de toma de posesión.

De non presentarse á toma de posesión neste prazo o aspirante decaerá automaticamente de todos os seus dereitos, procedéndose a realizar os mesmos trámites ao seguinte de maior de puntuación acadada no proceso.

17.3. Requisitos.

O cumprimento dos requisitos esixidos no artigo 62.1. c) do TREBEP referido ao acto de acatamento da Constitución e, no seu caso, do Estatuto de Autonomía de Galicia e do resto do ordenamento xurídico, así como o requisito de incompatibilidade que determina da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, efectuarase no mesmo acto de toma de posesión ou da formalización do contrato...”

Visto que consta no expediente a existencia de consignación orzamentaria e informe de fiscalización previa.

Tendo en conta que os/as aspirantes seleccionados/as presentaron a documentación en tempo e forma que se requeria no punto 15 das bases xerais.

De conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 24 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado.

RESOLVO

PRIMEIRO.- Finalizar o procedemento selectivo acordando nomear a **Dna. Jesusa Antonia Rivas Taboada e Dna. María Del Mar Taladrid Aguiar**, como persoal laboral fixo para ocupar en propiedade as **dúas prazas** vacantes **“OFICIAL/A PRIMEIRO DE PARQUES E XARDINS”** na Escala Administración Especial, Subescala de Servizos Especiais do Concello de Viveiro. O contrato a formalizar será como persoal indefinido a xornada completa, código 100. As retribucións a percibir serán as establecidas para cada posto de traballo na RPT en consonancia co disposto na normativa vixente.

SEGUNDO.- O prazo de formalización de contrato será de 3 días hábiles a partir da publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e un mes cando supoña cambio de localidade de residencia, de conformidade co disposto na base xeral 17.1.

En atención ás características do presente proceso selectivo, e resultando que neste proceso se convocaron dúas prazas vacantes **“OFICIAL/A PRIMEIRO DE PARQUES E XARDINS”** coa correspondencia de postos de traballo da RPT establecida na convocatoria (OP0.2/152 e OP0.2/139) -con base na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia e Convenio Colectivo do persoal laboral ao servizo do Concello de Viveiro, en consonancia coa demais normativa en materia de emprego público de aplicación á Administración Local- as persoas propostas para o seu nomeamento como persoal laboral fixo no correspondente proceso selectivo obterán destino provisional no posto que, no seu caso se atopan desempeñando. As persoas propostas que non se atopan desempeñando ningún posto de traballo dos correspondentes ás prazas

convocadas de dúas prazas de “OFICIAL/A PRIMEIRO DE PARQUES E XARDINS” ás que accederon obterán destino provisional, entre os postos restantes, atendendo á orde de prelación resultante do proceso, aplicando en caso de empate os criterios de desempate previstos nas bases xerais.

TERCEIRO.- Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da provincia de Lugo (BOP), así como no taboleiro de edictos dixital do Concello.

CUARTO.- Notificar a presente Resolución ás interesadas, e dar traslado ao departamento de persoal para o seu coñecemento, ao departamento de nóminas, ao departamento de intervención e Tesourería.

Mándoo e asínoo en

Viveiro, 4 de decembro de 2024.- A Alcaldesa, María Loureiro García. Ante min, A Secretaria Xeral, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, Dª María Luz Balsa Rábade.

R. 3913

Anuncio

EXPEDIENTE: 1058/2023

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Dª. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 16 de decembro de 2022 Núm. 286, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas pola Alcaldía, en Viveiro o día 12 de decembro de 2022, polas que se inicia o proceso selectivo para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 - Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6ª e 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do mércores, 21 de decembro de 2022, DOG Núm. 241, publícase o anuncio do extracto das convocatorias, bases xerais e bases específicas que regulan os procesos selectivos para o ingreso nas prazas de persoal funcionario de carreira e laboral fixos incluídas na oferta de emprego público do ano 2022, en virtude da taxa adicional de estabilización da convocatoria excepcional prevista nas disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 30 de decembro de 2022 Núm. 298, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6ª e 8ª da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do martes, 03 de xaneiro de 2023, DOG Núm. 2, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6ª e 8ª da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Boletín Oficial do Estado do martes, 24 de xaneiro de 2023, Núm. 20, publícase convocatoria para prover varias prazas, establecendo o prazo de presentación de solicitudes que será de 20 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopan oito prazas de “OPERARIO/A”.

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 - Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6ª e 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, en relación co proceso selectivo para a cobertura de oito prazas de “OPERARIO/A” persoal laboral fixo.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do martes, 29 de outubro de 2024 Núm. 250, publícase a Resolución de Alcaldía aceptando a proposta do tribunal , que di:“(…) **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Excluir do proceso selectivo ao aspirante D. Francisco Jose Rey García ao constatarse nesta fase do procedemento ao carecer dos requisitos esixidos para o seu nomeamento.

SEGUNDO.- Aceptar a proposta do Tribunal, declarando a relación definitiva de aprobados en base a Acta das reunións do 22 de xaneiro de 2024 e do 11 de xullo de 2024, segundo o disposto nos puntos primeiro, terceiro e cuarto da presente resolución, coa salvidade da exclusión do aspirante proposto.

TERCEIRO.- Declarar como *aspirantes seleccionados* a **D. ANTONIO LÓPEZ VALLE, DÑA. MARÍA DEL CARMEN BEN RIVERA, DÑA. JESUSA ANTONIA RIVAS TABOADA, DÑA. MARÍA DEL MAR TALADRID AGUIAR, DÑA. LUCÍA YÁÑEZ DEL RÍO, D. JOSE ANTONIO MONTOYA VARGAS, D. JOSE LUIS MONTERO CARRODEGUAS E D. MOISÉS CHAO FERNÁNDEZ**, para ocupar en propiedade as prazas vacantes **“OPERARIO/A”** na Escala Administración Especial, Subescala de Servizos Especiais, toda vez que segundo a proposta do Tribunal é a seguinte aspirante con maior puntuación...”

Vista a base xeral 16 e 17, que sinala **“(…)16. RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO SELECTIVO.**

16.1 Órgano competente.

A Alcadesa-Presidenta do Concello de Viveiro, mediante Resolución de Alcaldía para resolver definitivamente o procedemento selectivo a favor das persoas seleccionadas, en virtude da proposta do Tribunal, e así mesmo, acreditaran os requisitos esixidos na convocatoria presentando a documentación referida no punto 15.1 das bases xerais, procederase a realizar, no prazo dun mes dende a expiración do prazo dos vinte días hábiles, o nomeamento como persoal funcionario de carreira na escala, subescala, clase e categoría que corresponda ou a contratación como persoal laboral fixo.

16.2. Publicación.

A Resolución de Alcaldía de nomeamento como persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo das persoas seleccionadas, deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, así como no taboleiro de edictos dixital do Concello, taboleiro de edictos e páxina web.

16.3. Remate do proceso selectivo.

A resolución destes procesos selectivos finalizarán antes do 31 de decembro de 2024.

17. TOMA DE POSESIÓN/CONTRATACIÓN.

17.1. Prazo.

A toma de posesión ou formalización do contrato das persoas incluídas na Resolución de Alcaldía de nomeamento para cubrir as prazas convocadas, efectuarese no prazo de tres (3) días hábiles dende a publicación no BOP de dita Resolución, se non implica cambio de residencia, ou un (1) mes se comporta cambio de residencia.

17.2. Falta de toma de posesión.

De non presentarse á toma de posesión neste prazo o aspirante decaerá automaticamente de todos os seus dereitos, procedéndose a realizar os mesmos trámites ao seguinte de maior de puntuación acadada no proceso.

17.3. Requisitos.

O cumprimento dos requisitos esixidos no artigo 62.1. c) do TREBEP referido ao acto de acatamento da Constitución e, no seu caso, do Estatuto de Autonomía de Galicia e do resto do ordenamento xurídico, así como o requisito de incompatibilidade que determina da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizos das Administracións Públicas, efectuarase no mesmo acto de toma de posesión ou da formalización do contrato...”

Visto que en data 14 de novembro de 2024 saíu publicada no BOP de Lugo resolución de aceptación da renuncia presentada por D. José Luis Montero Carrodeguas, como aspirante seleccionado para ocupar en propiedade unha praza vacante de **“OPERARIO/A”**.

Visto que en data 19 de novembro de 2024 saíu publicada no BOP de Lugo resolución de aceptación da renuncia presentada por Dña. Lucía Yáñez Del Río, Dña. Jesusa A. Rivas Taboada e Dña. María del Taladrid Aguiar, como aspirante seleccionado, para ocupar en propiedade unha praza vacante de **“OPERARIO/A”**.

Visto que en data 19 de novembro de 2024 saíu publicada no BOP de Lugo resolución de aceptación da renuncia presentada por Dña. Nazaret Yáñez Martínez, como seguinte aspirante con maior puntuación, para ocupar en propiedade unha praza vacante de **“OPERARIO/A”**.

Visto que consta no expediente a existencia de consignación orzamentaria e informe de fiscalización previa.

Tendo en conta que os/as aspirantes seleccionados/as presentaron a documentación en tempo e forma que se requeria no punto 15 das bases xerais.

De conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 24 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Tráballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado.

RESOLVO

PRIMEIRO.- Finalizar o procedemento selectivo acordando nomear a **D. Antonio López Valle, Dna. María Del Carmen Ben Rivera, D. Jose A. Montoya Vargas, D. Moisés Chao Fernández, D. Jesús M. Rivera Pardiño, D. Antonio Manzano Gabarre, D. Juan Mendoza Hernández, D. Valentín Castro Sánchez**, como persoal laboral fixo para ocupar en propiedade as **oito prazas** vacantes **“OPERARIO/A”** na Escala Administración Especial, Subescala Servizos Especiais do Concello de Viveiro. O contrato a formalizar será como persoal indefinido a xornada completa, código 100. As retribucións a percibir serán as establecidas para cada posto de traballo na RPT en consonancia co disposto na normativa vixente.

SEGUNDO.- O prazo de formalización de contrato será de 3 días hábiles a partir da publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e un mes cando supoña cambio de localidade de residencia, de conformidade co disposto na base xeral 17.1.

En atención ás características do presente proceso selectivo, e resultando que neste proceso se convocaron oito prazas vacantes **“OPERARIO/A”** coa correspondencia de postos de traballo da RPT establecida na convocatoria (OP0.1/129, OP0.1/130, OP0.1/137, OP0.2/140, OP0.2/141, OP0.2/142, OP0.2/143 e OP0.2/144) -con base na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia e Convenio Colectivo do persoal laboral ao servizo do Concello de Viveiro, en consonancia coa demais normativa en materia de emprego público de aplicación á Administración Local- as persoas propostas para o seu nomeamento como persoal laboral fixo no correspondente proceso selectivo obterán destino provisional no posto que, no seu caso se atopan desempeñando. As persoas propostas que non se atopan desempeñando ningún posto de traballo dos correspondentes ás prazas convocadas de **“OPERARIO/A”** ás que accederon obterán destino provisional, entre os postos restantes, atendendo á orde de prelación resultante do proceso, aplicando en caso de empate os criterios de desempate previstos nas bases xerais.

TERCEIRO.- Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da provincia de Lugo (BOP), así como no taboleiro de edictos dixital do Concello.

CUARTO.- Notificar a presente Resolución os/ás interesados/as, e dar traslado ao departamento de persoal para o seu coñecemento, ao departamento de nóminas, ao departamento de intervención e Tesourería.

Mándoo e asínoo en

Viveiro, 4 de decembro de 20024.- A Alcaldesa, D^a. María Loureiro García. Ante min, A Secretaria Xeral, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, D^a. María Luz Balsa Rábade.

R. 3914

Anuncio**RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

D^a. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 16 de decembro de 2022 Núm. 286, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas pola Alcaldía, en Viveiro o día 12 de decembro de 2022, polas que se inicia o proceso selectivo para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6^a e 8^a da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do mércores, 21 de decembro de 2022, DOG Núm. 241, publícase o anuncio do extracto das convocatorias, bases xerais e bases específicas que regulan os procesos selectivos para o ingreso nas prazas de persoal funcionario de carreira e laboral fixos incluídas na oferta de emprego público do ano 2022, en virtude da taxa adicional de estabilización da convocatoria excepcional prevista nas disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 30 de decembro de 2022 Núm. 298, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6^a e 8^a da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do martes, 03 de xaneiro de 2023, DOG Núm. 2, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos

selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6ª e 8ª da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Boletín Oficial do Estado do martes, 24 de xaneiro de 2023, Núm. 20, publícase convocatoria para prover varias prazas, establecendo o prazo de presentación de solicitudes que será de 20 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopa unha praza de “CONSERXE” (TEMPO PARCIAL) .

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6ª e 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, en relación co proceso selectivo para a cobertura de unha praza de “CONSERXE” (TEMPO PARCIAL) , persoal laboral fixo.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do martes, 29 de outubro de 2024 Núm. 250, publícase a Resolución de Alcaldía aceptando a proposta do tribunal , que di:“(…) **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- *Aceptar a proposta do Tribunal, declarando a relación definitiva de aprobados en base a Acta das reunións do 24 de xaneiro de 2024 e do 20 de setembro de 2024, segundo o disposto nos puntos segundo e terceiro da presente resolución.*

SEGUNDO.- *Aceptar a proposta do Tribunal a favor de Dna. Montserrat Otero Dasilva, como aspirante seleccionada, para ocupar en propiedade a praza vacante correspondente ao posto da RPT “CONSERXE (TEMPO PARCIAL)” (ECO.4/101) na Escala Administración Xeral, Subescala Subalterna, como persoal laboral fixo.*

Vista a base xeral 16 e 17, que sinala “(...) **16. RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO SELECTIVO.**

16.1 Órgano competente.

A Alcaldesa-Presidenta do Concello de Viveiro, mediante Resolución de Alcaldía para resolver definitivamente o procedemento selectivo a favor das persoas seleccionadas, en virtude da proposta do Tribunal, e así mesmo, acreditaran os requisitos esixidos na convocatoria presentando a documentación referida no punto 15.1 das bases xerais, procederase a realizar, no prazo dun mes dende a expiración do prazo dos vinte días hábiles, o nomeamento como persoal funcionario de carreira na escala, subescala, clase e categoría que corresponda ou a contratación como persoal laboral fixo.

16.2. Publicación.

A Resolución de Alcaldía de nomeamento como persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo das persoas seleccionadas, deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, así como no taboleiro de edictos dixital do Concello, taboleiro de edictos e páxina web.

16.3. Remate do proceso selectivo.

A resolución destes procesos selectivos finalizarán antes do 31 de decembro de 2024.

17. TOMA DE POSESIÓN/CONTRATACIÓN.

17.1. Prazo.

A toma de posesión ou formalización do contrato das persoas incluídas na Resolución de Alcaldía de nomeamento para cubrir as prazas convocadas, efectuarese no prazo de tres (3) días hábiles dende a publicación no BOP de dita Resolución, se non implica cambio de residencia, ou un (1) mes se comporta cambio de residencia.

17.2. Falta de toma de posesión.

De non presentarse á toma de posesión neste prazo o aspirante decaerá automaticamente de todos os seus dereitos, procedéndose a realizar os mesmos trámites ao seguinte de maior de puntuación acadada no proceso.

17.3. Requisitos.

O cumprimento dos requisitos esixidos no artigo 62.1. c) do TREBEP referido ao acto de acatamento da Constitución e, no seu caso, do Estatuto de Autonomía de Galicia e do resto do ordenamento xurídico, así como o requisito de incompatibilidade que determina da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, efectuarase no mesmo acto de toma de posesión ou da formalización do contrato...”

Visto que en data 29 de novembro de 2024 saíu publicada no BOP de Lugo resolución de aceptación da renuncia presentada por Dna. Montserrat Otero Dasilva, como aspirante seleccionado para ocupar en propiedade unha praza vacante de “CONSERXE” (TEMPO PARCIAL).

Visto que en data 29 de novembro de 2024 saíu publicada no BOP de Lugo resolución de aceptación da renuncia presentada por Dna. Lucía Esquerdeiro Cabarcos, como aspirante con maior puntuación para ocupar en propiedade unha praza vacante de “CONSERXE” (TEMPO PARCIAL).

Visto que consta no expediente a existencia de consignación orzamentaria e informe de fiscalización previa.

Tendo en conta que a aspirante seleccionada presentou a documentación en tempo e forma que se requiría no punto 15 das bases xerais.

De conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 24 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado.

RESOLVO

PRIMEIRO.- Nomear a Dna. Vanesa Rego Martínez, como persoal laboral fixo para ocupar en propiedade a praza vacante correspondente ao posto da RPT “CONSERXE” (TEMPO PARCIAL) (EC0.4/101) na Escala Administración Xeral, Subescala Subalterna do Concello de Viveiro. O contrato a formalizar será como persoal indefinido a xornada parcial, código 200. As retribucións a percibir serán as establecidas para o posto de traballo na RPT.

O prazo de formalización de contrato será de 3 días hábiles a partir da publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e un mes cando supoña cambio de localidade de residencia, de conformidade co disposto na base xeral 17.1.

SEGUNDO.- Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da provincia de Lugo (BOP), así como no taboleiro de edictos dixital do Concello.

TERCEIRO.- Notificar a presente Resolución ao interesado, e dar traslado ao departamento de persoal para o seu coñecemento, ao departamento de nóminas, ao departamento de intervención e Tesourería.

Mándoo e asínoo en

Viveiro, 4 de decembro de 2024.- A Alcaldesa, María Loureiro García. Ante min, A Secretaria Xeral, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, D^a María Luz Balsa Rábade.

R. 3915

XOVE

Anuncio

MODIFICIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DO CONCELLO DE XOVE 2024

Ao non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional acadado en sesión ordinaria de pleno celebrada o 8 de abril de 2024, sobre modificación da ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DO CONCELLO DE XOVE, cuxo texto íntegro se fai público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Exposición de motivos

A tenor das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e o artigo 106 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local sobre potestade normativa en materia de tributos locais e de conformidade así mesmo ao establecido nos artigos 15 e seguintes, así como do Título II, e artigos 61 e seguintes, todos eles do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo e artigos 6, 7 e 8 do Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario aprobado por Real Decreto Lexislativo 1/2004 de 5 de marzo, e as modificacións de ditos textos introducidas pola Lei 16/2007 de 4 de xullo, Disposición Adicional Sétima e Décima, logo do pronunciamento do Tribunal Supremo en sentenza de 30 de maio de 2007 pola que declara nulo e expulsa do ordenamento xurídico parte da redacción do artigo 23 do Regulamento de desenvolvemento da Lei do Catastro Inmobiliario aprobado por Real Decreto 417/2006 de 7 de abril, régúlase mediante a presente Ordenanza Fiscal o Imposto sobre Bens Inmóbiles coas excepcións que se conteñen máis adiante e conforme ás tarifas que se inclúen na presente ordenanza.

Artigo 1º.- Feito imponible.

1. O feito imponible do Imposto sobre Bens Inmóbiles está constituído pola titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmóbiles rústicos, urbanos e sobre os inmóbiles de características especiais:

- a) Dunha concesión administrativa sobre os propios inmobles ou sobre os servizos públicos ós que estean afectos
- b) Dun dereito real de superficie
- c) Dun dereito real de usufructo
- d) Do dereito de propiedade

2.- A realización do feito imponible que corresponda de entre os definidos no apartado anterior pola orde establecida no mesmo, determinará a non suxeición do inmovible urbano o rústico ás restantes modalidades no mesmo previstas. Nos inmobles de características especiais aplicarase esta mesma prelación, salvo cando os dereitos de concesión que podan recaer sobre o inmovible non esgoten a súa extensión superficial, suposto no que tamén se realizará o feito imponible polo dereito de propiedade sobre a parte do inmovible non afectada por unha concesión.

3.- Teñen consideración de bens inmobles de natureza urbana, rústicos e bens inmobles de características especiais, os definidos como tales nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario. En concreto, o artigo 8.2 do RDL 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario sinala como bens inmobles de características especiais os seguintes:

- a. Os destinados á produción de enerxía eléctrica e gas e ao refino de petróleo e ás centrais nucleares.
- b. As presas, saltos de auga e embalses, incluído o seu lecho ou vaso, excepto as destinadas exclusivamente ao rego.
- c. As autoestradas, estradas e túneles de peaxe. d. Os aeroportos e portos comerciais.

E lo coas especificacións contidas no artigo 23 do Regulamento de desenrolo do Catastro Inmobiliario aprobado por Real Decreto 417/2006 de 7 de abril, na súa redacción dada pola Sentenza do Tribunal Supremo de 30 de maio de 2007.

O carácter urbano ou rústico do inmovible dependerá da natureza do solo.

Artigo 2º. Suxeitos pasivos

1.- Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes, as persoas naturais e xurídicas, e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeneral Tributaria, que ostenten a titularidade do dereito que, en cada caso, sexa constitutivo do feito imponible deste imposto.

2.- No caso de bens inmobles de características especiais, cando a condición de contribuínte recaia en un ou varios concesionarios, cada un deles o será pola súa cota, que se determinará en razón á parte do valor catastral que corresponda á superficie concedida e á construción ou parte do inmovible directamente vinculada a cada concesión.

Para esa mesma clase de inmobles de características especiais, cando o propietario teña a condición de contribuínte en razón da superficie non afectada polas concesións, actuará como substituto do mesmo o Ente ou Organismo público ao que se refire o parágrafo segundo do número 1 do artigo 63 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, na súa redacción dada pola Lei 16/2007, o cal non poderá repercutir no contribuínte o importe da débeda tributaria satisfeita.

3.- O disposto no apartado anterior será de aplicación, sen prexuízo da facultade do suxeito pasivo de repercutir a carga tributaria soportada conforme ás normas de dereito común.

4.- As administracións públicas e os entes ou organismos considerados suxeitos pasivos, repercutirán a parte da cota líquida do imposto que corresponda, en quen, non reunindo a condición de suxeitos pasivos, fagan uso mediante contraprestación dos seus bens demaniais ou patrimoniais, os cales estarán obrigados a soportar a repercusión, que se determinará en razón á parte do valor catastral que corresponda á superficie utilizada e á construción directamente vinculada a cada arrendatario ou cesionario do dereito de uso.

Artigo 3º. Responsables

1. Responden solidariamente das obrigacións tributarias todas as persoas que sexan causantes dunha infracción tributaria ou que colaboren en cometela.

2. Os coparticipantes ou cotitulares das Entidades xurídicas ou económicas a que se refire a Lei Xeral Tributaria responderán solidariamente en proporción as súas respectivas participacións das obrigas tributarias destas Entidades.

3. No suposto de sociedades ou entidades disoltas e liquidadas, as súas obrigas tributarias pendentes transmitiranse aos socios ou partícipes no capital, que responderán delas solidariamente e ata o límite do valor da cota de liquidación que se lles houbese adxudicado.

4. A responsabilidade esixirase en todo caso nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei Xeral Tributaria.

Artigo 4º. Exencións

1.- En base ó disposto no artigo 62.4 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, están exentos:

a) Os bens inmobles de natureza urbana cuxa cota líquida sexa inferior a 6 euros

b) Os bens de natureza rústica, no caso de que, para cada suxeito pasivo, a cota líquida correspondente á totalidade dos bens rústicos posuídos no termo municipal sexa inferior a 6 euros.

2.- En base ao disposto no artigo 62.3 do RDL 2/2004, de 5 de marzo estarán exentos os centros sanitarios da titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia ou do Servizo Galego de Saúde (SERGAS) sempre que estean directamente afectados ao cumprimento dos fins específicos dos referidos centros.

3.- Con carácter xeral , a concesión de exencións terá efecto a partir do exercicio seguinte á data da solicitude e non pode ter carácter retroactivo.

Artigo 5º. Base imponible.

1. A base imponible está constituída polo valor catastral dos bens inmobles, que se determinará, notificará e será susceptible de impugnación conforme ás normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

A base imponible dos bens inmobles de características especiais non terá redución de forma xeral, salvo o disposto no artigo 67.2 do TRLHL na súa redacción dada por Lei 16/2007.

2.- Estes valores poderán ser obxecto de revisión, modificación ou actualización nos casos e do xeito que a Lei prevea.

Artigo 6º. Cota tributaria e tipo de gravame.

1.- A cota íntegra do imposto será o resultado de aplicar á base liquidable o tipo de gravame ó que se refire o apartado 3 seguinte.

2.- A cota líquida obterase minorando a cota íntegra do imposto no importe das bonificacións previstas no artigo seguinte.

3.- Os tipos de gravame aplicables neste concello serán os seguintes:

a.- O tipo de gravame xeral aplicable aos **bens inmobles de natureza urbana** será do **0,6%**.

Con todo, e de conformidade co disposto no apartado 4 do artigo 72 do Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, establécense os seguinte tipos diferenciados:

- Un tipo de gravame diferenciado para os **bens inmobles de natureza urbana e uso industrial do 1,16 %**, o que se aplicará a un máximo do 10 % dos bens dese uso con maior valor catastral e sempre que o seu valor catastral sexa superior aos 350.000 euros, redondeando o número de bens aos que se lles será aplicable este tipo diferenciado ao número enteiro máis próximo.
- Un tipo de gravame diferenciado para os **bens inmobles de natureza urbana e uso edificación singular do 1,16 %**, o que se aplicará a un máximo do 10 % dos bens dese uso con maior valor catastral e sempre que o seu valor catastral sexa superior aos 350.000 euros, redondeando o número de bens aos que se lles será aplicable este tipo diferenciado ao número enteiro máis próximo.

b.- O tipo de gravame xeral aplicable aos **bens inmobles de natureza rústica** será do **0,3%**.

c.- O tipo de gravame xeral aplicable aos **bens inmobles características especiais** será do **1,3 %**.

Artigo 7º. Bonificacións

Sobre a cota íntegra do imposto establécense as seguintes bonificacións:

a) No suposto de novas construcións, concédese unha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto, previa solicitude dos interesados e antes do inicio das obras ás empresas urbanizadoras, construtoras e promotoras, tanto si se trata de obra nova como rehabilitación equiparable a esta, de conformidade co Texto Refundido da Lei de Facendas Locais de 5 de marzo de 2004.

O prazo para beneficiarse da bonificación comprende dende o período impositivo seguinte a aquel no que se inicien as obras ata o período posterior á terminación das mesmas, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que en ningún caso poda exceder de tres períodos impositivos. Para gozar da citada bonificación, os interesados deberán de cumprir os seguintes requisitos:

- Presentar antes do 31 de decembro do ano no que se inicien as obras un escrito de solicitude da bonificación - Acreditar a data de inicio das obras de urbanización ou construción que se trate, o cal farase mediante certificación do Técnico
- Director competente das mesmas, visado polo Colexio Profesional.

- Acreditar que a empresa se dedica á actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, o cal farase mediante a presentación dos Estatutos da Sociedade, ou no seu caso, documentación acreditativa da constitución da correspondente xunta de compensación.
- Acreditar que o inmovible obxecto da bonificación non forma parte de inmovilizado, o cal farase mediante certificación do Administrador da Sociedade, ou fotocopia do último balance presentado ante a A.E.A.T., a efectos do Imposto sobre Sociedades.
- Copia do recibo de IBI correspondente ó inmovible ó que se refire a solicitude. No caso de que non se dispoña deste, certificación expedida pola Xerencia do Catastro de Lugo, na que se faga constar a referencia catastral do referido inmovible.

b) Fíxase unha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto aplicable ás vivendas de protección oficial e ás que resulten equiparables a estas consonte a normativa da Comunidade Autónoma, previa solicitude do interesado e poderá efectuarse en calquera momento anterior á finalización dos tres períodos impositivos seguintes á cualificación definitiva. Dita bonificación producirá efecto dende o período seguinte a aquel no que se solicite, e a súa duración finalizará ós tres anos da cualificación definitiva.

Para ter dereito a esta bonificación os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

- a) Escrito de solicitude da bonificación no que se indique o ben inmovible
- b) Fotocopia compulsada da alteración catastral
- c) Fotocopia compulsada do certificado de vivenda de protección oficial
- d) Fotocopia compulsada da escritura ou nota simple rexistral do inmovible
- e) Se na escritura pública non constar a referencia catastral, fotocopia compulsada do recibo do IBI correspondente ó ano anterior.

c) Gozarán dunha bonificación potestativa durante os tres primeiros exercicios orzamentarios de ata o 95 % na cota íntegra do IBI que lle corresponda aqueles suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que desenvolvan actividades económicas situadas no Parque Empresarial de Camba – Xove (tanto nas actuais parcelas como nas futuras unha vez efectuada a ampliación do Parque Empresarial co correspondente desenvolvemento urbanístico reflectido no Plan Xeral de Ordenación Municipal) que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración, regulada no artigo 88.2.e) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros supostos que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando dita ampliación implique creación de emprego.

Establécense os seguintes tramos:

- a) 95% da cota do IBI pola creación de máis de 20 postos de traballo.
- b) 75% da cota do IBI pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- c) 50% da cota do IBI pola creación de ata 10 postos de traballo

d) Terán dereito a unha bonificación na cota íntegra do imposto de bens inmoables os suxeitos pasivos que ostenten a condición de persoas titulares de familia numerosa na data de devindicación do imposto, sempre que todos as persoas integrantes da dita unidade familiar estean empadroadas no Concello de Xove, o ben inmovible sexa de carácter residencial, sexa propiedade da persoa solicitante, constitúa a residencia habitual de todas as persoas integrantes da dita unidade familiar e o seu valor catastral non supere os 200.000 euros.

Entenderase por residencia habitual aquela que figura como domicilio do suxeito pasivo e de todas as persoas integrantes da unidade familiar no padrón municipal de habitantes do Concello de Xove á data do 1 de xaneiro do ano en que se solicite a bonificación.

A dita bonificación poderá ser aplicada coas seguintes porcentaxes segundo a categoría de familia numerosa:

- Familia numerosa categoría xeral: 50 %.
- Familia numerosa categoría especial: 90 %.

Para beneficiarse da dita bonificación, o suxeito pasivo deberá presentar a seguinte documentación:

- a) Solicitude de bonificación identificando o ben inmovible coa súa correspondente referencia catastral.
- b) Certificado de empadramento no Concello de Xove de todas as persoas integrantes da unidade familiar.
- c) Copia auténtica do documento que acredite a propiedade do inmovible.
- d) Certificación ou documento análogo acreditativo da condición de familia numerosa, expedido polo órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia ou das restantes comunidades autónomas.

Esta bonificación terá carácter rogado e deberá ser solicitada durante o mes de xaneiro do exercicio en curso, excepto para as liquidacións de ingreso directo, para as que deberá solicitarse dentro do prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación.

As solicitudes presentadas fóra dos prazos aquí establecidos producirán efectos a partires do exercicio seguinte

A renovación do título de familia numerosa ou calquera cambio da condición de familia numerosa ou dos requisitos establecidos na presente ordenanza para ser persoa beneficiaria da dita bonificación, deberá ser comunicada polo suxeito pasivo no prazo dun mes desde que a dita circunstancia se produza.

A tal efecto, a bonificación extinguirase de oficio o ano inmediatamente seguinte a aquel en que o suxeito pasivo cese na súa condición de persoa titular de familia numerosa ou deixen de concorrer os requisitos requiridos na presente ordenanza para ser persoa beneficiaria de mesma.

O prazo de desfrute inicial da bonificación será de cinco anos. Poderanse solicitar prórrogas sucesivas da dita bonificación por prazo de tres anos cada unha sempre que se dea cumprimento aos requisitos exixidos na presente ordenanza para ser beneficiaria da mesma e achegando á dita solicitude a documentación referida anteriormente.

O desfrute desta bonificación será incompatible co dereito a desfrutar doutras bonificacións establecidas na presente ordenanza no mesmo inmovible.

e) Terán dereito a unha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto os bens inmoables de carácter residencial unifamiliar destinados ao uso de vivenda que instalaran sistemas para o aproveitamento térmico e/ou eléctrico da enerxía proveniente do sol.

Será necesario, en todo caso, que os sistemas de aproveitamento térmico instalados dispoñan dunha superficie mínima de captación solar útil de 4 m² por cada 100 m² de superficie construída e que os sistemas de aproveitamento eléctrico dispoñan dunha potencia instalada mínima de 5 Kw por cada 200 m² de superficie construída destinada a uso de vivenda segundo certificación catastral, excluindo do cómputo de dita superficie os m² de uso aparcamento, almacén, porche ou similares. Estes requisitos non serán exixibles cando a superficie construída sexa inferior a 100 m².

A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para a produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación pola Administración competente.

Así mesmo, para a aplicación da mesma, será requisito imprescindible posuír o título xurídico habilitante de natureza urbanística que sexa exixible consonte a normativa que resulte de aplicación.

Non se outorgará esta bonificación cando a instalación destes sistemas de aproveitamento da enerxía solar sexa obrigatoria ao teor da normativa que resulte de aplicación.

Esta bonificación terá carácter rogado e producirá efectos, no seu caso, desde o período impositivo seguinte a aquel en que se solicite, sempre que, previamente, reúna as condicións e se acredite o cumprimento dos requisitos esixidos para o seu outorgamento.

Para beneficiarse da dita bonificación, o suxeito pasivo deberá presentar a seguinte documentación:

- a) Solicitude de bonificación identificando o ben inmovible coa súa correspondente referencia catastral.
- b) Copia do título xurídico habilitante de natureza urbanística da obra e instalación dos sistemas para o aproveitamento térmico e/ou eléctrico da enerxía proveniente do sol.
- c) Certificado final de obra suscrito polo director de obra e director de execución da obra, no caso de que sexa preceptivo.
- d) Certificado, firmado por técnico competente, onde se reflicta que a instalación dos sistemas para o aproveitamento térmico e eléctrico da enerxía proveniente do sol non é obrigatoria ao teor da normativa que resulte de aplicación.
- e) Autorización de explotación ou acta de posta en servizo, cando sexa preceptiva, e Certificado de Instalación Eléctrica (CIE) de acordo co Real Decreto 842/2002, do 2 de agosto, polo que se aproba o Regulamento electrónico de baixa tensión, emitido pola empresa instaladora e dilixenciado polo órgano competente da comunidade autónoma.
- f) Xustificación do pago do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

A bonificación aplicarase durante os cinco períodos impositivos a contar desde o seguinte á finalización das obras e instalacións precisas para a posta en funcionamento dos mencionados sistemas para o aproveitamento térmico e eléctrico da enerxía proveniente do sol.

Artigo 8º. Período impositivo e acreditación do imposto

- 1.- O período impositivo é o ano natural.
- 2.- O imposto acredítase o primeiro día do ano.

3.- As variacións de orde físico, económico ou xurídico, incluíndo as modificacións de titularidade, teñen efectividade a partir do ano seguinte a aquel no que se producen.

4.- Cando o Concello coñeza a conclusión das obras que orixinen unha modificación de valor catastral, respecto ao que figura no seu Padrón, liquidará o IBI na data na que a Xerencia do Catastro lle notifique o novo valor catastral.

5.- A liquidación do imposto comprenderá a cota correspondente aos exercicios “meritados” e non prescritos, entendendo por estes os comprendidos entre o seguinte a aquel no que se van a finalizar as obras que orixinaron a modificación de valor e o presente exercicio.

6.- No seu caso, deducirase da liquidación correspondente a este exercicio e ós anteriores a cota satisfeita por IBI a razón de outra configuración do inmovible, diferente da que tivo na realidade.

Artigo 9º. Xestión por delegación

No caso de xestión delegada, as atribucións dos órganos municipais se entenderán exercidas pola Administración convida ou delegada.

Para o procedemento de xestión e recadación non establecido nesta ordenanza deberá aplicarse o establecido pola lexislación vixente.

Artigo 10º. Data de aprobación e vixencia

Esta ordenanza comezará a rexer o día 1º de xaneiro de 2008 e continuará vixente mentres non se acorde a modificación ou derogación.

Artigo 11º. Lexislación supletoria

No non expresamente previsto nesta Ordenanza será de aplicación o RDL 2/2004, de 5 de marzo, o Texto refundido da Lei do catastro Inmobiliario e demías normativa regulable da materia.

Disposición adicional

As modificacións producidas pola Lei de Presupostos Xerais do Estado ou outra norma de rango legal que afecten a calquera elemento deste imposto, serán de aplicación automática dentro do ámbito desta Ordenanza.

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Xove, 3 de decembro de 2024.- O Alcalde, Jose Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 3916

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) – XOVE

Anuncio

EXTRACTO DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 2024-1647 DO 30 DE NOVEMBRO DE 2024 POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA E TRAMITACIÓN ANTICIPADA DAS AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL DO CONCELLO DE XOVE PARA O EXERCICIO 2025

BDNS (Identif.): 800423

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións

(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/800423>)

Primeiro. Beneficiarios.

Poderán solicitar unha axuda de emerxencia social, para sí ou para a unidade familiar, as persoas maiores de idade empadroadas e con residencia efectiva no Concello de Xove cunha antelación de seis meses ao feito causante da solicitude. Excepcionalmente, mediante informe social valorativo, poderán ser beneficiarios destas axudas aquelas persoas empadroadas e con residencia en Xove que se atopen nunha situación de urxencia social, aínda cando non cumpran o periodo mínimo de empadramento establecido.

Na unidade familiar tan só unha persoa pode ter a condición de beneficiario, aínda que a axuda se outorgue en beneficio da unidade.

A estes efectos, enténdese por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente e, no seu caso, os fillos e fillas menores de 18 anos, con excepción dos que, con consentimento dos pais vivan independentes destes, e os fillos maiores de 18 anos cunha minusvalía superior ao 33% e os incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada ou os así declarados pola administración autonómica. Nos casos de separación legal ou cando non existira vínculo matrimonial, a unidade familiar estará formada polo pai ou nai e tódolos fillos e fillas que convivan con un ou outro e reúnan os requisitos descritos no parágrafo anterior.

Segundo. Obxecto

1.- Constitúe obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento de axudas de emerxencia social, consideradas tales como as prestacións económicas de carácter non periódico destinadas a aquelas persoas cuxos recursos resultan insuficientes para facer fronte a gastos específicos de carácter ordinario ou extraordinario necesarios para previr, evitar ou paliar situacións de marxinación social.

2.- Están dirixidas a persoas individuais ou unidades familiares que carezan de medios e nas que concorran factores de risco, constituíndo en todo caso, un apoio á intervención social que se xestione para a integración das persoas ou unidades afectadas.

3.- As axudas de emerxencia social terán en todo caso natureza finalista, debendo destinarse unicamente ao obxecto para o que foron concedidas.

4.- Terán carácter intransferible e polo tanto non poderán:

- a) Ofrecerse en garantía de obrigas
- b) Ser obxecto de cesión total ou parcial
- c) Ser obxecto de compensación ou desconto, salvo para o reintegro das prestacións indebidamente percibidas

Terceiro. Bases reguladoras

Pode consultarse a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove na seguinte dirección:

<http://xove.sedelectronica.gal/transparency/58926865-bd2e-46f3-857a-14f57f19f9fd/>

Cuarto. Tipos de axuda e contía

5.1.- Tipos de axudas

1.- Situacións derivadas da falta de recursos económicos que impidan a cobertura das necesidades básicas:

a) Axudas paliativas de situacións de necesidade persoal tales como alimentación, roupa, vestido, axudas á escolarización, etc.

b) Axudas dirixidas ó mantemento da vida no propio domicilio (situacións carenciais que non se contemplen nos programas de axuda a domicilio ou de educación familiar), tales como adquisición de mobiliario ou electrodomésticos de primeira necesidade, reparacións urxentes, luz e auga corrente, creación de sanitarios, etc.

2.- Situacións imprevisibles de emerxencia que xeren un gasto especial, axudas de carácter puntual ás que os usuarios non podan facer fronte por carencia de recursos:

- a) Desafiuzamentos
- b) Incendios ou catástrofes naturais que afecten gravemente á vivenda
- c) Accidentes de calquera tipo que afecten gravemente á economía familiar e que impliquen a realización de gastos de carácter extraordinario e urxente.

3.- Situacións especiais sobrevidas por causa do padecemento dunha enfermidade grave que implique traslados, tratamentos, axudas técnicas ou calquera outra necesidade que requira gastos adicionais de importancia, e que non estean cubertas na súa totalidade polo sistema público de saúde.

4.- Situacións que provoquen ou tendan a provocar a marxinación de persoas que as padecen (drogadición, alcoholismo, persoas sen teito...)

5.- En ningún caso se concederá unha axuda de emerxencia social para o pagamento de obrigas tributarias, débedas coa Seguridade Social, multas ou taxas municipais así como gastos derivados de unha sentenza xudicial.

6.- Para o caso particular de transeúntes, poderán concederse axudas en especie consistentes en vales de comida por importe máximo de 15 euros con un tope máximo de tres vales anuais.

Igualmente, para o caso particular de persoas drogodependentes, poderán concederse axudas en especie consistentes no abono do billete de transporte para o traslado á Unidade Asistencial de Drogodependencia de Burela, condicionado á emisión de informe mensual de asistencia pola responsable da U.A.D.

5.2.- Contías

En todo caso, a determinación da contía económica concreta das axudas virá dada polas disponibilidades presupostarias existentes.

As contías a conceder non superarán o orzamento de gastos presentado polo solicitante de acordo coa Base Sétima. Non obstante, terán os límites anuais que se especifican a continuación:

Alimentación, vestido e/ou enxoval doméstico: Tres meses consecutivos ou ben unha vez cada catro meses ao longo do ano.

Para as axudas de alimentación, según os membros da unidade económica de convivencia o tope máximo será de:

U.E.C. de 1 ou 2 membros: Ata un tope máximo de 600 euros anuais.

U.E.C. de 3 membros: Ata un tope máximo de 650 euros anuais.

U.E.C. de 4 membros: Ata un tope máximo de 700 euros anuais.

U.E.C. de 5 ou máis membros: Ata un tope máximo de 800 euros anuais.

Para as axudas de roupa, calzado e/ou menaxe doméstico, según os membros da unidade económica de convivencia, o tope máximo será de:

U.E.C. de 1 o 2 membros: Ata un tope máximo de 100 euros anuais.

U.E.C. de 3 membros: Ata un tope máximo de 150 euros anuais.

U.E.C. de 4 membros: Ata un tope máximo de 200 euros anuais.

U.E.C. de 5 o mais membros: Ata un tope máximo de 300 euros anuais.

Leite maternizada e/ou pañais: Seis meses consecutivos ata un tope máximo de 400 euros con informe médico xustificativo da necesidade da mesma.

Atención sanitaria: 3 meses consecutivos, ou ben unha vez cada catro meses ó longo do ano ata un tope máximo de 600 euros e con informe médico xustificativo de que o medicamento/tratamento, elemento protésico e/ou axudas técnicas non se poida adquirir polo Sergas. No caso que sexa posible, a emerxencia social, cubrirá ata un máximo do 50% do custo.

Gastos de vivenda:

Habitabilidade: O importe total en ningún caso excederá de 200 euros no prazo máximo de 1 ano.

Mantemento: O importe total en ningún caso excederá de 240 euros no prazo máximo de 1 ano.

Impago de subministro da vivenda: O importe total en ningún caso excederá de 150 euros no prazo máximo de 1 ano.

Actividades extraescolares:

Aquelas que se leven a cabo a través das ANPAS e outras entidades de carácter social e que teñan como obxectivo a integración: ata un máximo de 200 euros por unidade económica de convivencia por curso escolar.

Con carácter xeral, as axudas tramitaranse para atender un só concepto, e só con carácter excepcional motivado mediante informe da traballadora social poderán especificarse varios conceptos, en cuxo caso o importe máximo da axuda será o que corresponda á suma de ambos conceptos, sen que en ningún caso podan superarse as contías máximas determinadas para a anualidade correspondente.

A contía máxima destinada ás presentes subvencións é de 7.000,00 € (partida 231.480 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal)

Quinto. Requisitos dos solicitantes

1.- Os interesados na obtención destas axudas deberán formular a súa solicitude no modelo establecido ao efecto, acompañando a seguinte documentación:

- D.N.I. do solicitante

- Libro de Familia, senteza de separación ou divorcio ou no seu caso, certificado de rexistro de parellas de feito expedido pola Comunidade Autónoma.

- Certificado de Empadramento

- Orzamento de Gastos para os que solicita a axuda (só naqueles casos que sexa posible)
 - Certificación da conta bancaria á que se pode transferir, no seu caso, o importe da axuda
 - Xustificantes de ingresos referidos a todos os membros da unidade económica de convivencia que serán os seguintes:
 - a) Declaración da renda correspondente ao último ano ou certificado de rendas expedido pola Delegación da Axencia Tributaria.
 - b) Nóminas actualizadas de todos membros da unidade económica de convivencia.
 - c) No caso de percibir una pensión de xubilación, viudedade, orfandade ou incapacidad, deberá presentarse xustificantes do Organismo correspondente.
 - d) No caso de percibir axudas públicas por calquera concepto, certificado ou xustificante ao respecto do organismo dende onde se conceda, no seu defecto achegar certificación negativa.
 - e) Calquera outro documento que acredite a carencia ou o nivel de ingresos da persoa ou da unidade familiar.
- En caso de insuficiente xustificación documental da situación económica por resultar imposible dispor dela, requirirase ao solicitante que aporte unha declaración responsable na que se faga constar, no seu caso, a carencia absoluta de rentas familiares.
- Declaración responsable de non atoparse incurso en prohibición para obter a condición de beneficiario, no modelo que se facilitará ao efecto (artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións)
 - Declaración xurada de outras axudas solicitadas ou concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados para a mesma finalidade ou que teñan o carácter de axuda de emerxencia social.
 - Para o caso particular e excepcional dos transeúntes a única documentación que deberán aportar será una fotocopia do N.I.F ou calquera outra documentación que acredite a súa identidade.

Sexto. Prazo de presentación das solicitudes

Data límite de presentación de solicitudes:

O prazo establecido para a presentación de solicitudes será todo o exercicio 2025.

Documentación a presentar: impreso oficial completo acompañado da documentación esixida nas bases reguladoras da presente convocatoria.

Lugar de presentación: Sede electrónica do Concello de Xove www.xove.es, ou ben presencialmente no Rexistro Xeral do Concello de Xove. Camiño Real, s/n; 27880, Xove (Lugo)

Así mesmo, tamén poderán presentarse ditas instancias no rexistro e oficinas, de acordo co previsto no artigo 66 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Xove, 2 de decembro de 2024.- O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 3881

NOTARÍA

Anuncio

JUAN J. LÓPEZ YÁÑEZ, NOTARIO DEL ILUSTRE COLEGIO DE GALICIA CON RESIDENCIA EN SARRIA, HAGO CONSTAR

Que, en esta Notaría de Sarria, sita en la calle Gran Vía, nº9-11, Bajo se tramita ACTA DE PARTICIÓN CONFORME A LA LEY GALLEGA, con el fin de proceder a la partición de la herencia de los causantes **DON JUAN LOPEZ MONTEAGUDO Y DOÑA CARMEN QUINTE CABANAS.**

Que entre los herederos de los citados causantes se encuentran los siguientes sin domicilio conocido:

DOÑA JOSEFA LOPEZ QUINTE.

DON JOSE LOPEZ QUINTE.

DOÑA DOLORES LOPEZ QUINTE.

DON EMILIO LOPEZ QUINTE.

DOÑA CARMEN LOPEZ QUINTE.

Que se les comunica a dichos interesados, o a cualquiera que tenga interés

en dichas herencias lo siguiente: Durante un plazo que finalizará en un plazo de treinta hábiles desde la publicación del presente EDICTO podrán los interesados comparecer en mi notaria, sita en la calle Gran Vía, nº9-11 bajo de Sarria (Lugo), en horas de despacho, para oponerse a la tramitación de la misma, proponer nuevos contadores-partidores o alegar lo que estimen oportuno en defensa de sus derechos.

Sarria, 2 de diciembre de 2024.- El notario, Juan J. López Yáñez.

R. 3882
